

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DÍA 24 DE XULLO DE 2025

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez

Dona Luisa María Sánchez Méndez

Don Rafael Domínguez Artime

Don Jorge Cubela López

Don Ricardo Martínez Chantada

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Don Paco Ferreira González

**Dona Ana Laura Iglesias González en
substitución de Don Gregorio Luis Agís
Gómez**

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Don Gorka Gómez Díaz

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Javier Iglesias Mougán

Dona María Manuela Rodríguez Pumar

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as dez horas e quince minutos do día 24 de xullo de 2025, reúnen-se na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral Servizos Educativos do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 20 DE XUÑO DE 2025 (Expediente 2025045015)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 20 de xuño de 2025.



2. **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A ORGANIZACIÓN DUNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL CON MOTIVO DO 150º ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE MARÍA VINYALS**
(Expediente 2025052893)

O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 21 de xullo de 2025, co número de rexistro WEB2025053674, unha moción asinada pola voceira do grupo, D^a. Ana Laura Iglesias Gonzalez, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A ORGANIZACIÓN DUNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL CON MOTIVO DO 150º ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE MARÍA VINYALS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 14 de agosto cúmprense 150 anos do nacemento de María Vinyals, e por desgracia non hai novas por parte da Deputación de Pontevedra da organización de ningún acto conmemorativo desta efeméride, a pesar de que o nome da "Marquesa Vermella" está íntimamente vinculado á propia historia do Castelo de Soutomaior, emblema patrimonial e turístico desta Deputación.

Cabe recordar, que o anterior goberno provincial fixo un enorme traballo pola investigación e divulgación da figura de María Vinyals que culminaron coa edición de diversos libros sobre a súa vida, adicándolle unha sala exclusivamente a súa figura no Castelo de Soutomaior e a posta en marcha no ano 2016 da Escola de Igualdade María Vinyals, que estivo en funcionamento ata o ano 2023, data na que desapareceu da programación desta Deputación coincidindo coa eliminación de boa parte dos programas da área de Igualdade.

Resulta máis que sorprendente o "borrado" da figura de María Vinyals nesta Deputación, cando debería estar ocupando un lugar preponderante tanto polo seu vínculo inesquecible co Castelo de Soutomaior como pola súa actividade en favor do voto das mulleres, da defensa do feminismo e do seu impulso decidido á cultura e á xustiza social.

Pola contra, a Comisión Filatélica do Estado, órgano adscrito ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, vén de aprobar a emisión dun selo conmemorativo do 150º aniversario do nacemento dunha das figuras referentes do feminismo, a cultura e o activismo social da provincia de Pontevedra: María Vinyals Ferrés.

A autorización foi confirmada en datas recentes á Subdelegación do Goberno, que tramitou a solicitude formulada polo presidente da Asociación de Veciños de Ponte Sampaio e coleccionista filatélico, José Luis López Carragal, e da tenente de alcalde e concelleira de Cultura e Turismo de Soutomaior, Silvia Cernadas.



Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Que a Deputación de Pontevedra organice un completo programa de actividades para conmemorar o 150ª aniversario do nacemento de María Vinyals Ferrés.*
- 2. Que se recupere a Escola de Igualdade María Vinyals dun xeito inmediato”.*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
- 2. Abstención (2)** do grupo provincial do BNG.
- 3. En contra (9)** do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para que esta Deputación Provincial reclame á Xunta de Galicia incrementar de xeito urxente o reforzo dos equipos de dependencia do Servizo de Axuda no Fogar e outros acordos complementarios, cos votos en contra das deputadas e deputados do Partido Popular, a abstención do grupo provincial do BNG e os votos a favor do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

- 3. DAR CONTA DA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025 (Expediente 2024072978).**

Dende o Servizo de Igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas a concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2025, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025. Dita convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 17 de data 27 de xaneiro de 2025. Os concellos interesados nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 27 de febreiro de 2025.



Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta, que se remite a Intervención, na que especifica que as solicitudes de 48 concellos compren os requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria.

Con data 02 de xullo de 2025 dende Intervención emiten informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das **48 solicitudes** admitidas á citada convocatoria.

Na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2025, adóptase o acordo de concesión das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025, a favor dos 48 concellos, por importe global de 260.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 25/250.2315.462.01, do vixente orzamento provincial.

Os concellos aos que se lle **concede** subvención son os seguintes:

CÓD. EXPEDIENTE	NIF/CIF	TERCEIRO EXTENDIDO	OBXETO SUBVENCIÓN	IMPORTE ASIGNADO
2025008391	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA	AVALIACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE E ELABORACIÓN DO II	4.283,40 €
2025008061	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	PROGRAMA CAPACITADAS	5.340,00 €
2025009513	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA	6.000,00 €
2025008378	P3600200D	CONCELLO DE BARRO	ESPAZOS DE LECER CONCILIA 2025	6.000,00 €
2025009528	P3600400J	CONCELLO DE BUEU	CONCILIA BUEU 2025	6.000,00 €
2025009540	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	PROXECTO "CALDAS "CALDAS: +IGUALDADE - VIOLENCIA 2025	6.000,00 €
2025009477	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	PROGRAMA DE FOMENTO DA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2025	4.836,82 €
2025009495	P3600700C	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	PROGRAMA "CONCILIACIÓN+ 2025": LUDOVENTURA	5.922,64 €
2025008644	P3600900I	CONCELLO DA CAÑIZA	VIOLETAS 2025	6.000,00 €
2025009518	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	CREANDO IGUALDADE	5.527,80 €
2025009481	P3600048G	CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	CERDEDO-COTOBADE A PROL DA IGUALDADE 2025	5.365,76 €
2025009718	P3601300A	CONCELLO DE COVELO	PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DE MEDIDAS PROPOSTAS POLO III PLAN MUNICIPAL	4.002,36 €
2025008811	P3601400I	CONCELLO DE CRECENTE	AVANZANDO NA IGUALDADE: DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS DO I PLAN DE IGUALDAD	4.923,00 €



2025009180	P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS	AVALIACIÓN DO IV PIOM E ELABORACIÓN DO V PIOM DE CUNTIS	4.343,27 €
2025005930	P3601800J	CONCELLO DE FORCAREI	PROXECTO "IGUALANDO". CAMPAMENTO MULTIDEPORTE PARA A MOXIDADE DO CONCELLO DE FORCAREI.	5.231,67 €
2025009534	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	CIMENTANDO IGUALDADE, CAMIÑANDO CARA A IGUALDADE	5.340,00 €
2025008960	P3602300J	CONCELLO DA GUARDA	PROXECTO IGUALANDO 2025	5.996,30 €
2025008640	P8600004I	CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	ACTUACIÓNS PARA FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	5.922,62 €
2025008779	P3602500E	CONCELLO DA LAMA	PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA	4.680,00 €
2025009541	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	SEXUALIDADE E MASCULINIDADE	2.180,00 €
2025008387	P3602800I	CONCELLO DE MEIS	MEIS NO CAMIÑO "A CARÓN DA IGUALDADE, POLOS BOS TRATOS E COMPETENTES EMOCIONALMENTE	6.000,00 €
2025008060	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	EDUCAR EN IGUALDADE 2025: ESCOLA DE FAMILIAS E SENTIR E PENSAR	6.000,00 €
2025009721	P3603000E	CONCELLO DE MONDARIZ	SEMENTANDO IGUALDADE 2025	5.922,64 €
2025009435	P3603100C	CONCELLO MONDARIZ BALNEARIO	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS POLO II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	6.000,00 €
2025008398	P3603200A	CONCELLO DE MORAÑA	INTERVENCIÓN SOCIAL. PROXECTO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E DAS PROBLEMÁTICAS ASOCIADAS	5.053,31 €
2025009720	P3603300I	CONCELLO DE MOS	TEATRO EN IGUALDADE	6.000,00 €
2025006687	P3603400G	CONCELLO DAS NEVES	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS NO III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	5.725,22 €
2025008796	P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN	PROGRAMA DE EDUCACIÓN SEXUAL DE 1º A 6º DE PRIMARIA	4.620,00 €
2025009504	P3603600B	CONCELLO DE OIA	CONCILIA VERÁN 2025. OIA	5.429,09 €
2025009474	P3603700J	CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN	"MULLERES EN REDE"	5.998,95 €
2025005629	P3604100B	CONCELLO DE POIO	MULLERES QUE FAN POIO 2025	6.000,00 €
2025008646	P3604300H	CONCELLO DE PONTE-CALDELAS	PROGRAMA ENREDADAS	5.985,00 €
2025009538	P3604400F	CONCELLO DE PONTECESURES	"FALEMOS DE SEXO", "EXPOSICIÓN MULLERES DO CENTENARIO", "MEMORIA, AUTOCOIDADO E BENESTAR"	5.894,04 €



2025009459	P3604000D	CONCELLO DE PORTAS	AVALIACIÓN II PLAN DE IGUALDADE E ELABORACIÓN III PLAN DE IGUALDE PORTAS	4.167,87 €
2025009482	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	RIBADUMIA, ESPAZO DE IGUALDADE: EDUCACIÓN, PREVENCIÓN E DIVERSIDADE	6.000,00 €
2025008808	P3604700I	CONCELLO DE RODEIRO	EQUAL - CAMBA 2025	6.000,00 €
2025008983	P3604800G	CONCELLO DO ROSAL	PROXECTO ALOUMIÑO O ROSAL - PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS	6.000,00 €
2025009509	P3604900E	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	SALCEDA OBXECTIVO IGUALDADE	4.590,05 €
2025006688	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	CAMPAMENTO CONCILIACIÓN VERÁN	4.540,69 €
2025008372	P3605100A	CONCELLO DE SANXENXO	QUERERNOS BEN. UNHA ACCIÓN EDUCATIVA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	6.000,00 €
2025009522	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	PROXECTO MAIS VIOLETA	6.000,00 €
2025005627	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	PROXECTO ENREDADAS 2025	6.000,00 €
2025009184	P3605400E	CONCELLO DE TOMIÑO	CONSTRUÍNDO IGUALDADE: DE ESTRATEXIA Á ACCIÓN	6.000,00 €
2025009431	P3605500B	CONCELLO DE TUI	ELABORACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE TUI	4.984,89 €
2025008813	P3605600J	CONCELLO DE VALGA	ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EN IGUALDADE E INCLUSIVAS	4.343,27 €
2025009715	P3605800F	CONCELLO DE VILABOA	VILAVERÁN	6.000,00 €
2025008411	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	PLAN DE IGUALDADE 2026-2029	5.429,09 €
2025008374	P3605900D	CONCELLO DE VILA DE CRUCES	APRENDER IGUALDADE, CONSTRUIR FUTURO	5.420,25 €

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás dez e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

